

## Civis Global inaugura a rehabilitación do Museo de Arte de Lima

- O centro, un dos máis importantes de América, foi rehabilitado en tempo récord
- Asistiu ao acto a ministra de Comercio e Turismo de Perú



## *Nota de prensa*

**Vigo, 9/09/2015.** A construtora galega con sede en Vigo, Civis Global, ven de rematar a obra de rehabilitación e mellora do Museo de Arte de Lima que o converte nun dos centros de arte máis importantes de América. A rehabilitación realizada pola empresa galega con sede en Vigo inclúe a reforma das principais salas de exposición, escaleiras, fiestras e entradas, mesmo con unha parte de material adquirido directamente en Galicia. As obras foron realizadas nun tempo récord de 10 meses. O MALI (Museo de Arte de Lima) foi inaugurado hoxe, 9 de setembro (ás 2.00 horas, en horario español), pola ministra de Comercio e Turismo de Perú, Magali Silva, e mais polo presidente do museo, Juan Carlos Verme. O presidente de Civis Global, Víctor del Canto, e mailo director de Civis Global Perú, Felipe Carrascosa, participaron na inauguración.

O Museo de Arte de Lima é un dos edificios históricos máis sobranceiros de Perú declarado monumento histórico e Patrimonio Cultural da Nación e cunha das mellores coleccións de arte indíxena de Sudamérica. As obras realizadas por Civis Global do museo teñen un importe de 2,9 millóns de euros e foron contratadas polo Plan Copesco Nacional, centrado na realización de inversións para mellorar a atracción turística de Perú. O proceso de reforma principiou en setembro de 2014 e rematou en xullo de 2015.

Civis Global é unha construtora galega que se distingue pola excelencia en acabados de obras. Ten feito en Galicia obras de recuperación como o paseo de río Cave (Monforte), o centro de interpretación dos restos románicos do Bao/Toralla (Vigo). Neste momento está a facer o traballo de recuperación do complexo dunar da Costa da Vela (Cangas), o acceso ao santuario dos Milagres de Amil (Moraña) ou, tamén en Perú, está a traballar nos Andes a 4.000 metros de altitude na recuperación do pobo de San Pedro de Costa e da Meseta de Marcahuasi.

Civis Global comezou a súa proceso de internacionalización hai dous anos en Perú co obxectivo de contrarrestar a forte contracción do sector da construción en España. Ademais das obras do Museo de Arte de Lima, Civis Global tamén ten realizado proxectos de construción de infraestruturas eléctricas e hidráulicas en zonas rurais e tamén ten en execución a construción dun colexio en Apurímac.

A construtora galega ten iniciado tamén as obras de rehabilitación e mellora do pobo turístico de San Pedro de Costa e a Meseta de Marcahuasi, unha contorna situada nos Andes sobre 4.000 metros de altitude a uns 100 kilómetros de Lima e tamén a construción do novo porto e embarcadero de San José. Civis ten unha carteira de obras en Perú por importe de 10 millóns de euros e un plantel de 100 profesionais.

Civis Global é un dos grupos construtores de referencia en Galicia, con 26 anos de traxectoria no mercado. A compañía refundouse e cambiou a súa marca e accionariado hai tres anos. En 2014 o grupo Civis Global facturou 40,3 millóns de euros, cun beneficio neto atribuído de 0,8 millóns e un equipo de traballo medio de 170 profesionais.